



INFORME DO ÓRGANO DE XESTIÓN ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE

**ASUNTO: LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA
CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2018.**

LEXISLACIÓN APLICABLE

- ❖ Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira (LOEPSF)
- ❖ Artigos 191 a 193 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- ❖ Artigos 89 e seguintes do RD 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do Título VI da L.R.F.L., en materia de Orzamentos.
- ❖ Orden EHA 1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local (ICAL / 2013)
- ❖ Artigo 57 do Regulamento Orgánico do Goberno e da Administración do Concello de Pontevedra.

INFORME

En cumprimento do establecido nos artigos 192 do TRLFL e 89.1 do RD 500/90, procedeuse á formulación da Liquidación do Orzamento do **exercicio 2018**, determinándose:

Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro.

O resultado presupostario do exercicio.

Os remanentes de crédito, e

O remanente de Tesouraría

Previamente ao estudo de cada unha destas magnitudes vaise realizar unha análise da execución do orzamento de gastos e ingresos do Orzamento do **2018**.





I.- ANALISE DOS ESTADOS DE INGRESOS E GASTOS LIQUIDACIÓN 2018

A execución do estado de ingresos e de gastos resumida por capítulos que resultou foi a seguinte:

ESTADO DE INGRESOS EJERCICIO CORRENTE-LIQUIDACION CONCELLO 2018

CAP	PREVISIONS INICIAIS	PREVISIONS DEFINITIVAS	DDR NETOS 31 DIC	% DDR/PD
1	27.695.292,05 €	27.695.292,05 €	27.699.912,85 €	100,02%
2	2.454.540,00 €	2.454.540,00 €	3.086.384,11 €	125,74%
3	20.724.617,51 €	20.830.432,00 €	21.205.579,93 €	101,80%
4	18.799.185,01 €	19.701.826,30 €	20.323.301,14 €	103,15%
5	277.591,47 €	277.591,47 €	255.811,62 €	92,15%
6	0,00 €	0,00 €	0,00 €	
7	3.080.551,29 €	9.990.458,48 €	1.883.217,12 €	18,85%
	73.031.777,33 €	80.950.140,30 €	74.454.206,77 €	
8	168.222,67 €	16.191.413,15 €	79.099,84 €	0,49%
9	1.980.000,00 €	3.934.462,52 €	2.600.000,00 €	66,08%
	2.148.222,67 €	20.125.875,67 €	2.679.099,84 €	
TOTAL CAP	75.180.000,00 €	101.076.015,97 €	77.133.306,61 €	76,31%

ESTADO DE GASTOS EJERCICIO CORRENTE-LIQUIDACION CONCELLO 2018

CAPITULO	CREDITOS INICIAIS	CREDITOS DEFINITIVOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	% EJECUCION 31 DIC
1	22.165.680,25 €	21.804.450,25 €	20.268.025,64 €	92,95 %
2	31.848.749,08 €	34.850.604,65 €	29.397.466,75 €	84,35 %
3	291.020,62 €	291.020,62 €	65.892,75 €	22,64 %
4	4.977.357,08 €	5.333.270,61 €	3.828.499,58 €	71,79 %
5	61.241,67 €	0,00 €	0,00 €	
6	12.798.596,66 €	31.245.069,80 €	11.614.254,83 €	37,17 %
7	884.393,50 €	2.032.078,47 €	1.451.293,22 €	71,42 %
	73.027.038,86 €	95.556.494,40 €	66.625.432,77 €	
8	168.222,67 €	168.222,67 €	126.295,36 €	75,08 %
9	1.984.738,47 €	5.351.298,90 €	5.276.135,70 €	98,60 %
	2.152.961,14 €	5.519.521,57 €	5.402.431,06 €	
TOTAL CAPS	75.180.000,00 €	101.076.015,97 €	72.027.863,83 €	71,26 %





LIQUIDACION 2018: INGRESOS

INGRESOS: EJERCICIO CORRENTE

Foron **recoñecidos dereitos** por importe de 77.133.306,61.-€, dos que 74.454.206,77.-€ corresponden ao total dos dereitos recoñecidos netos por **operacións non financeiras** (caps 1 a 7 de ingresos) .

En canto aos capítulos 8 e 9 de ingresos, que veñen constituír as **operacións non financeiras** indicar que fronte as previsións definitivas de 20.125.875,67.-€ soamente foron recoñecidos dereitos por importe de 2.679.099,84.-€, o que ven motivado polas seguintes razóns:

- en primeiro lugar o Remanente de Tesouraría utilizado e que se recolle nos subconceptos 870 nunca acada por definición a fase de dereito recoñecido, quedándose unicamente rexistrado como previsión definitiva.
- e por outro lado, indicar que se rexistrou no capítulo 9 de ingresos a consolidación do préstamo concertado no exercicio de 2016, por importe de 2.600.000,00.-€.

Polo que respecta á **recadación** polos capítulos correspondentes a operacións correntes (caps 1 a 5 de ingresos), debe ser analizada conxuntamente coa agrupación de pechados xa que hai que ter en conta que ven a representar un dos axustes que de xeito mais significativo ven influír no cálculo da estabilidade orzamentaria, e que se explica no apartado adicado ao cálculo da mesma.

Facer mención a que no capítulo primeiro de ingresos de corrente se acada unha porcentaxe de recadación do 88,37%, superior á acadada no 2017 (86,26%); nos capítulos segundo e terceiro as porcentaxes de recadación obtidas foron o 99,63 % e 87,65 % fronte ao 99,84 e 86,54 % do exercicio de 2017.

O artigo 12.5 da LOEPSF establece que os ingresos que se obteñan por encima do previsto inicialmente no orzamento se destinarán integramente a reducir o nivel de débeda; se refire a ingresos non financeiros de carácter non finalista, tal e como ven aclarando o MINHAFP en sucesivas consultas, debendo compararse as previsións iniciais dos memos con o efectivamente recaudado no exercicio.

Comprobado pois o estado de ingresos do exercicio corrente do Concello a 31 decembro de 2018, ponse de manifesto que os ingresos non financeiros recaudados no exercicio 2018 **non foron superiores** aos que se prevían inicialmente no Orzamento, polo que non procede destinar cantidade algunha por aplicación deste artigo a reducir endebedamento neto.





INGRESOS: EJERCICIOS PECHADOS

Polo que respecta a **Agrupación de Presupostos Pechados do Orzamento de Ingresos**, destacar que dos 41,4 millóns de euros pendentes de cobro a 1 de xaneiro de 2018 polos capítulos 1,2 3 e 5 de ingresos, unicamente foi recadada a cantidade de 4,6 millóns de euros en lugar dos 6,2 millóns estimados; é dicir houbo un desfase no cálculo estimado de 1,5 millóns de euros.

Destacar o feito de que para os dereitos pendentes de cobro do exercicio inmediato anterior, é dicir o 2017, se estimaba un dubidoso cobro do 25% e realmente alcanzou o 45,43 %, o que ven a representar un desfase de 1,3 millóns de euros (*parece aconsellable, e do mesmo xeito que se indicou para as liquidacións de 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017 revisar as porcentaxes de dubidoso cobro establecidas nas BEP, elevando as que corresponden ao exercicio en curso e o inmediato anterior; en calquera caso sería pertinente o informe do OTXT ao respecto*)

CAPS 1,2,3 y 5 INGRESOS EJERCICIO PECHADOS							
EXERCICIO	PDTE DDR 31 DIC 17	Porc estimado%	DUBIDOSO COBRO ESTIMADO	ESTIMACION DE COBRO PARA 2018	COBROS EX PECHADOS DURANTE 2018	% REAL DUBIDOSO COBRO	DESVIACION NO CALCULO
1970-2013	26.811.566,63 €	100,00	26.811.566,63 €	0,00 €	526.351,44 €	98,04%	526.351,44 €
2014	2.700.779,94 €	95,00	2.565.740,94 €	135.039,00 €	124.209,00 €	95,40%	-10.830,00 €
2015	2.545.492,43 €	85,00	2.163.668,57 €	381.823,86 €	145.122,25 €	94,30%	-236.701,61 €
2016	2.921.218,69 €	70,00	2.044.853,08 €	876.365,61 €	336.879,96 €	88,47%	-539.485,65 €
2017	6.423.602,26 €	25,00	1.605.900,57 €	4.817.701,70 €	3.505.196,73 €	45,43%	-1.312.504,97 €
	41.402.659,95 €		35.191.729,79 €	6.210.930,16 €	4.637.759,38 €		-1.573.170,78 €

Mediante Resolución asinada pola Titular do OTXT de data 28 de decembro de 2018, foron declarados prescritos dereitos pendentes de cobro por un importe total de 4.740.270,79.-€ **(2018/PRES/000006)**, correspondentes a dereitos pendentes menores ou iguais a 2005 integrados en GTWIN (*programa de xestión de ingresos*).

Como ditas baixas se remitiron ao OXPC no proceso de cobro 2019_01, terán reflexo na contabilidade municipal con data de xaneiro de 2019.

Por parte deste OXPC, e logo da aprobación da presente liquidación procederá á tramitación do correspondente expediente para propoñer a anulación de dereitos pendentes de cobro correspondentes ao anos 1970 a 2005, declarados a extinguir con motivo do proceso de integración entre a recadación e a contabilidade municipal que se levou a cabo no exercicio 2012 (*ver informes 82 OXPC/2012 de data 17 de decembro de 2012, mais o 82 OXPC/2018 de data 21 decembro de 2018*) e que xa veñen sendo incluídos no importe do saldo de dubidoso cobro das sucesivas liquidacións.





LIQUIDACION 2018: GASTOS

GASTOS: EJERCICIO CORRENTE

As obrigas recoñecidas ascenderon a 72.027.863,83.- €, que representan o 71,26 % dos créditos definitivos, é dicir, 29.048.152,14.- € non acadaron a fase de obriga recoñecida, e por conseguinte representa a cantidade total dos Remanentes de Crédito obtidos a 31 de decembro de 2018 (*no exercicio 2017 esta porcentaxe foi do 72,94 %*)

Así, do importe dos créditos definitivos, foron autorizados créditos por 86.662.910,36.- euros, existindo pois un saldo de créditos de 14.413.105,54.- € (CD – A); dos que 10.133.182,12 € corresponden a créditos dispoñibles, 3.069.826,46.- € a créditos retidos pendentes de utilización e 1.210.097,03.-€ son créditos non dispoñibles:

Créditos Definitivos (CD)	101.076.015,97 €
Gastos autorizados (A)	86.662.910,36 €
RC pendentes de utilización (RC)	3.069.826,46 €
Créditos non dispoñibles	1.210.097,03 €
Créditos dispoñibles	10.133.182,12 €

Do total dos gastos autorizados, chegaron a fase de obriga recoñecida un importe de 72.027.863,83.- €, quedando en fase de compromiso de gasto créditos por importe de 13.321.573,55.-€, e en fase de gasto autorizado pendente de adxudicar 1.313.472,98.- euros.

E dicir, o cadro total que representa a execución do gasto do exercicio 2018 (e a súa comparativa co exercicio de 2017), distribuído por fases de gasto sería:

LIQUIDACIÓN ORZAMENTO	EXERCICIO 2018	EXERCICIO 2017
Total de Obrigas recoñecidas (OR)	72.027.863,83 €	66.548.934,47 €
Compromisos de gasto pendentes (Saldo D)	13.321.573,55 €	7.424.288,72 €
Autorizacións de gasto pendentes (Saldo A)	1.313.472,98 €	5.786.200,21 €
Retencións de crédito pendentes (Saldo RC)	3.069.826,46 €	1.079.389,42 €
Créditos non dispoñibles (CND)	1.210.097,03 €	2.500.000,00 €
Crédito dispoñible	10.133.182,12 €	7.895.835,65 €
Total créditos definitivos	101.076.015,97 €	91.234.648,47 €





A porcentaxe de execución do 71,26% vese incrementada ao 85,74% se ao importe das obrigas recoñecidas lle engadimos o saldo de gasto autorizado mais os dos compromisos de gasto a 31 de decembro.

Este orzamento se caracteriza pola existencia de proxectos de elevada contía que son financiados mediante transferencias de capital en virtude dos Convenios asinados coa Deputación, ou con Fondos FEDER correspondentes a estratexia DUSI.

Por capítulos se deduce que a porcentaxe de menor execución está unha vez mais, **no capítulo 6º do orzamento**, no que o importe das obrigas recoñecidas foi de 11.614.254,83.-€ fronte ás previsións definitivas que eran de 31.245.069,80.-€; é dicir a execución supón unicamente un 37,17% dos créditos definitivos, fronte ao 40,49 % acadado no exercicio anterior.

Dos 13,3 millóns de euros do capítulo VI que non acadaron a fase de obriga recoñecida, destacan obras de importante contía tales como (*o importe que se indica se corresponde co saldo pendente de executar a 31 decembro*):

ELSAMEX; PROXECTO OBRA CAMPO FÚTBOL EN CAMPAÑÓ. (100% CONV. DIPUT) (2017/ABERTOBRAS/000013)	826.907,29 €
EDISERPO S.L.; PROXECTO CAMPO DE FÚTBOL EN PONT SAMPAIO. (100% CONV. DIPUT)(2017/ABERTOBRAS/000001)	938.133,18 €
COVSA; PROX. CAMPO DE FUTBOL EN GATOMORTO. STA. Mª XEVE.(80% APORTAC. CONV.DIPUTACIÓN)	330.795,92 €

UTE A XUNQUEIRA; MELLOR EFIC. ENERX. PAVILL MULTIUSOS A XUNQUEIRA (DUSI 1.557.731,50, P EST 2018 POR 380.000,00)	1.254.058,94 €
--	----------------

ACEVI S.L.; RENOVAC. 1ª PLANT A MERCADO MPAL. (DUSI 174.945.78, RESTO REC. PROPIOS). FEDE RABERTOBRAS/01	200.319,56 €
--	--------------

OBRAS Y SERV. GOMEZ CRESPO;CONSTRUCC. E ACONDICIONAMENTO CENTRO SOCIAL O BURGO. 100% DIP.	469.238,59 €
---	--------------

E.C.CASAS;. ACOND. R/ CAMIÑO DO GORGULLÓN TRAMO URBANO CAMIÑO SANTIAGO (DUSI, 1.006.903,34€ , P/2018, 251.725,83€)	1.129.570,61 €
--	----------------





Como xa se ven advertindo en anteriores informes débese **adequar o ritmo de execución dos ingresos e dos gastos**, e abordar e prever aqueles proxectos de gasto que sexan factibles de executar no exercicio; planificando con antelación suficiente a redacción dos proxectos que correspondan mais a súa tramitación.

GASTOS. EJERCICIOS PECHADOS

Polo que respecta á **Agrupación de Presupostos Pechados**. Orzamento de Gastos, unicamente indicar que durante o exercicio de 2018 foron pagadas obrigas por importe de 7,7 millóns de euros pendentes de pago de exercicios pechados, quedando unicamente pendente de pago o importe de 2.000.015,44.-€; dos que dous millóns de euros que se lle adeudan ao Ministerio de Fomento, dende o 7 de febreiro de 2013, debido a " dificultades existentes na xestión do seu pagamento" segundo se indica pola propia Tesouraría.

II.- RESULTADO ORZAMENTARIO (RP)

De acordo co disposto no artigo 96 do RD 500/90, o RP ven determinado pola diferenza entre os dereitos presupostarios liquidados e as obrigas presupostarias recoñecidas durante o exercicio, tomando uns e outras polos seus valores netos. En definitiva, mostra si os dereitos foron maiores (superávit), menores (déficit) ou iguais (equilibrio) que as obrigas do exercicio.

Para o seu cálculo é necesario realizar uns axustes contemplados na normativa presupostaria e contable.

En primeiro lugar debemos determinar o importe das "Obrigas recoñecidas con cargo o Remanente líquido de Tesouraría".

Así, temos que analizar o financiamento con RLT dos seguintes expedientes de modificación de crédito:

1º.- INCORPORACIÓN DE REMANENTES.

O importe das incorporacións de remanentes do exercicio 2017 ao exercicio 2018 foron de 15.638.152,89.- €, financiados da seguinte maneira:





Con cargo RLT	11.911.564,48 €
RTGFA (DF+)	299.336,94 €
P-2016	498.486,46 €
P-2017	1.455.976,06 €
Mº FOMENTO	13.161,64 €
DEPUTACION	1.306.870,58 €
XUNTA	32.519,28 €
ARI	120.237,45 €
	15.638.152,89 €

O importe total das OR no estado de execución "S" a 31-12-2018 foi de 10.667.848,43.- €, (10.217.848,43.-€ mais 450.000,00.-€ que foron a partidas N) as cales foron financiadas do seguinte xeito:

INCORPORACION REMANENTES	FINANCIACION OR
Con cargo RLT	8.403.772,26 €
RTGFA (DF+)	176.418,63 €
P-2016	354.952,11 €
P-2017	1.113.621,47 €
Mº FOMENTO	0,00 €
DEPUT	586.564,68 €
XUNTA	32.519,28 €
ARI	0,00 €
	10.667.848,43 €

2º.- CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO FINANCIADOS CON RLT.

MODIFICACIONES CREDITO	OR con cargo ao RLT
EXPDTE 1 CEXT-SUP /2018	445.728,63 €
EXPDTEs 2 e 3 CEXT-SUP /2018	0,00 €
EXPDTE 4 SUP/2018	3.366.560,43 €
TOTAL AXUSTE POSITIVO	3.812.289,06 €





Por conseguinte o axuste (+) a realizar no RP é de:

OR c/ RLT	IMPORTE
POLA INCORPORACION REMANENTES	8.403.772,26 €
POLAS MODIF CREDITO CEXT-SUP	3.812.289,06 €
TOTAL AXUSTE + EN RP	12.216.061,32 €

Así mesmo, o importe das desviacións positivas de financiamento imputables ao exercicio que ascenden a 4.767.653,97.- €, implican un axuste negativo no RP; pola contra se realizará un axuste positivo no RP por importe de 3.139.518,83.- €, correspondente ás desviacións negativas de financiamento imputables ao exercicio (**ver cadro do apartado exceso con financiamento afectado**).

RESULTADO ORZAMENTARIO

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a) Operacións Correntes	72.570.989,65	53.559.884,72		19.011.104,93
b) Operacións de capital	1.883.217,12	13.065.548,05		-11.182.330,93
1. Total operacións non financeiras (a + b)	74.454.206,77	66.625.432,77		7.828.774,00
c) Activos financeiros	79.099,84	126.295,36		-47.195,52
d) Pasivos financeiros	2.600.000,00	5.276.135,70		-2.676.135,70
2. Total operacións financeiras (c + d)	2.679.099,84	5.402.431,06		-2.723.331,22
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO(I = 1 + 2)	77.133.306,61	72.027.863,83		5.105.442,78
<u>AXUSTES</u>				
3. Créditos gastados financiados con remanente de tesouraría para gastos xerais			12.216.061,32	
4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio			3.139.518,87	
5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio			4.767.653,97	
II. TOTAL AXUSTES (II = 3 + 4 - 5)			10.587.926,22	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO(I + II)				15.693.369,00





III.- REMANENTE DE TESOURARÍA

Esta magnitude representa os fondos líquidos que tería a Corporación baixo a seguinte ficción: que os dereitos venceran ou se cobraran a 31 de decembro, e co produto desa recadación e dos fondos líquidos a dita data, se atenderan as obrigas pendentes de pago baixo o suposto de que tamén venceran a 31 de decembro.

No cálculo do Remanente de Tesouraría foi seguida, a metodoloxía indicada na ICAL 2013, cando se refire ao contido na Memoria, en concreto no análise do estado 24.6 "Remanente de Tesouraría"; de tal xeito que:

REMANENTE DE TESOURARÍA

COMPONENTES	IMPORTES ANO 2018		IMPORTES ANO 2017	
1. (+) Fondos líquidos	31.005.303,64	31.005.303,64		28.578.088,52
2. (+) Dereitos pendentes de cobro		43.993.757,65		43.047.353,15
▪ (+) do Orzamento corrente	6.048.452,19		6.695.287,25	
▪ (+) de Orzamentos pechados	37.026.471,03		35.786.390,19	
▪ (+) de operacións non orzamentarias	918.834,43		565.675,71	
3. (-) Obrigas pendentes de pago		15.664.498,41		16.383.589,24
▪ (+) de Orzamento corrente	6.747.401,80		7.761.711,19	
▪ (+) dos Orzamentos pechados	2.000.015,44		2.000.014,20	
▪ (+) de operacións non orzamentarias	6.917.081,17		6.621.863,85	
4. (+) Partidas pendentes de aplicación		-1.559.973,17		-2.046.161,64
▪ (-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	1.578.187,29		2.053.732,52	
▪ (+) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	18.214,12		7.570,88	
I. Remanente de Tesouraría Total (1 + 2 - 3 + 4)		57.774.589,71		53.195.690,79
II. Saldos de dubidoso cobro		37.203.520,65		35.975.306,92
III. Exceso de financiamento afectada		1.377.350,89		299.336,94
IV. Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais (I - II - III)		19.193.718,17		16.921.046,93





- O importe total dos ingresos pendentes de aplicación definitiva correspóndese co saldo da conta 554.36, onde se recollen os ingresos pendentes de aplicación que proveñen das contas restrinxidas de recadación, e que se van aplicando a medida que a Tesouraría Municipal vai remitindo a información con cada formalización de ingresos.

No exercicio de 2017 e 2018 foron presentadas **as contas de recadación de 2016 e un avance das do 2017 respectivamente, que actualmente se atopan pendentes de revisión e conciliación**, onde se reflectiron os cargos, cobros e outras datas do exercicio, e que unha vez analizadas e comprobadas cos saldos e movementos rexistrados na contabilidade municipal co fin de proceder a súa conciliación, observáronse diversas deficiencias que están sendo obxecto de estudo.

- A 31 de decembro foi dotada a provisión para insolvencias polo importe de dubidoso cobro calculado segundo o establecido nas BEP para o exercicio 2018 , que establece distinto criterio segundo os capítulos de ingresos. Así:

PARA OS CAPÍTULOS 1,2,3 E 5 DO ESTADO DE INGRESOS:

EXERCICIO	DDR PTE. COBRO	%DUBIDOSO COBRO	IMPORTE DUBIDOSO COBRO
1970-2014	28.767.933,73 €	100	28.767.933,73 €
2015	2.351.997,05 €	95	2.234.397,20 €
2016	2.432.887,57 €	85	2.067.954,43 €
2017	2.685.538,36 €	70	1.879.876,85 €
2018	5.860.976,43 €	25	1.465.244,12 €
TOTAL	42.099.333,14 €	Total Dubidoso Cobro	36.415.406,33 €





PARA OS CAPÍTULOS 4,7,8 E 9 DO ESTADO DE INGRESOS:

EXERCICIO	DDR PTE. COBRO	%DUBIDOSO COBRO	IMPORTE DUBIDOSO COBRO
ATA 2015	788.114,32 €	100	788.114,32 €
2016	0,00 €	0	0,00 €
2017	0,00 €	0	0,00 €
2018	187.475,76 €	0	0,00 €
TOTAL	975.590,08 €	Total Dubidoso Cobro	788.114,32 €

De tal xeito que o importe total dos dereitos estimados como de dubidoso cobro é de 37.203.520,65.-€, que de acordo ao novo PXCPAL da ICAL 2013, deberán rexistrarse distinguindo a natureza dos debedores, neste caso se son por operacións de xestión ou financeiras:

CONTA PXCPAL	IMPORTE
490.0 (<i>por op xestión</i>)	36.842.839,59 €
490.3 (<i>por op financeiras</i>)	360.681,06 €
TOTAL DUBIDOSO COBRO	37.203.520,65 €

Como xa se indicou nun apartado anterior, a determinación das porcentaxes estimadas de cobro é unha cuestión fundamental para evitar un axuste negativo importante na determinación da estabilidade orzamentaria, tal e como se reflicte neste informe no estudo da mesma, xa que é unha das causas que nos poden conducir a situación de inestabilidade.

EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADA

Os proxectos de gastos son levados a través do módulo de Proxectos de Gasto do SICAP, se ben, hai determinados proxectos de gasto que polas dificultades de xestión (xa que afectan a varias aplicacións orzamentarias fundamentalmente de gastos por operacións correntes e que non están exclusivamente afectadas a proxectos de gasto), se integran a posterior no módulo SICAP con motivo da elaboración da Conta Xeral





Como consecuencia , para o cálculo das Desviacións de Financiamento debemos obter a información que nos ofrece o Módulo PYG (MEM G.24.5.1) e a do cálculo efectuado fora do SICAP a través do formato elaborado por este OXPC:

APLICACION PRESUPUESTARIA	PROXECTOS DE GASTO	Df (+)	Df (-)	DF (+)	DF (-)
08.241.2-xx	ILES V	0,00 €	0,00 €	0,00 €	177.278,29 €
08.241.1.xx	Obradoiro de Emprego	131.494,88 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
05.341.1-226.09	FETRI	3.390,18 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
05.327.0-227.08	PONTECIENCIA 2017: MINICIENCIA	8.000,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
05.327.0-22X	PONTECIENCIA 2018: V FERIA DA MINICIENCIA	0,00 €	15.000,00 €	0,00 €	15.000,00 €
08.241.2-xx	ILES VI	0,00 €	91.368,06 €	0,00 €	91.368,06 €
04.136.0-624.00	ACHEGA UNESPA	219.710,40 €	0,00 €	219.710,40 €	0,00 €
15.152.2-780.00	ARI CENTRO HISTORICO FASE I LIÑA SUBVENCIONS	0,00 €	77.681,91 €	0,00 €	7.643,72 €
15.152.2-780.00	ARI CENTRO HISTORICO FASE II LIÑA SUBVENCIONS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
15.152.2-780.01	ARI ESTRIBELA FASE VI- LIÑA SUBVENCIONS Mº	0,00 €	7.701,28 €	4.331,93 €	0,00 €
15.152.2-780.01	ARI ESTRIBELA FASE VII- LIÑA SUBVENCIONS Mº	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
12.231.6-1	RISGA 2017/18- 20 PERSOAS RISCO EXCL (TR351F 2017/45-5)	0,00 €	2.058,72 €	0,00 €	0,00 €
12.231.6-2	RISGA 2017/18- PROGRAMAS	2.978,75 €	0,00 €	320,16 €	0,00 €
12.231.6-1	RISGA 2017/18- TRABALLADORAS SOCIAIS	50.855,64 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
12.231.6-1	RISGA 2018/19 PERSOAS RISCO EXCL (TR351F2018/37-5)	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
05.341.0-489.17	FEDERACION BALONMAN 2018	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
09.334.0-226.10	CONVENIO DEPUT: ACTIV CULTURAI	0,00 €	21.780,00 €	0,00 €	21.780,00 €
08.241.0-226.09	CONVENIO DEPUT: PROMOCION ECONOMICA	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
03.920.0-1X	DUSI: PERSONAL XESTION EDUSI	0,00 €	9.146,78 €	0,00 €	9.146,78 €
03.491.1-1X	DUSI: PERSONAL ADMON ELECTR	0,00 €	2.894,16 €	0,00 €	2.894,16 €
	PXG A INCORPORAR NO MODULO SICAP	416.429,85 €	227.630,91 €	224.362,49 €	325.111,01 €
	DATOS MEM G.24.5.1 SICAP	4.351.224,12 €	2.911.887,96 €	1.152.988,40 €	3.727.918,85 €
	TOTAIS MEM G.24.5.1 2018	4.767.653,97 €	3.139.518,87 €	1.377.350,89 €	4.053.029,86 €





Polo tanto, as desviacións de financiamento imputables do exercicio e as acumuladas, tanto positivas como negativas obtidas da liquidación do Orzamento de 2018 son:

LIQUIDACION 2018	Df+	Df-	DF+	DF-
Desviacións	4.767.653,97 €	3.139.518,87 €	1.377.350,89 €	4.053.029,86 €

O Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais (RTGX) ascende a cantidade de 19.193.718,17.- €, pero é necesario efectuar dúas “reservas”:

- unha primeira “**reserva**” de **Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais, en diante RTGX**, como consecuencia do grado de execución dos Investimentos Financeiramente Sostibles aprobadas no 2017 (*en diante, IFS 2017*) durante 2018, respecto das que o importe inicial era de 4.363.690,26.-€, e unicamente chegaron a fase de obriga por importe de 3.028.088,22; polo que deberá destinarse á redución do endebedamento neto o importe das IFS non executadas e que ascende a 1.335.602,04.-€ e que se corresponde co superávit pendente de aplicar da liquidación de 2016 (*ver apartado VII deste Informe*)
- e unha segunda reserva polo **superávit que se obtén na liquidación do 2018**, cuxo cálculo se explica detalladamente no apartado seguinte, e que ascende a 6.246.210,92-€ e que deberá ser destinado ao fin que determina o artigo 32 LOEPSF (*a día de hoxe non existe normativa que ampare as excepcións previstas na súa DA 6ª toda vez que non esta prevista a súa prórroga para a liquidación de 2018*) Por conseguinte, debe facerse unha “reserva” de RTGX, tendo en conta ademais que o seu importe definitivo queda condicionado a ser medido en termos consolidados.

Deste xeito o **RTGX “dispoñible”** para o financiamento de posibles modificacións orzamentarias, sempre que o permitan os límites da capacidade de endebedamento e de cumprimento da regra de gasto é de **9.171.644,00-€**, tal e como se reflicte no cadro que segue:

RTGX LIQUIDACION 2018	19.193.718,17 €
RTGX “reservado” PARA destino superavit por o non executado de IFS 2017	1.335.602,04 €
RTGX “reservado” PARA DESTINO SUPERAVIT 2018 (ART 32 LOEPSF)	6.246.210,92 €
RTGX “dispoñible”	11.611.905,21 €



IV.- ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA

De acordo co disposto no artigo 11.4 da LOEPSF as corporacións locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

A capacidade/necesidade de financiamento en términos do “Sistema Europeo de Cuentas” equivale á diferenza entre **ingresos non financeiros** (capítulos 1 ao 7 de ingresos) e **gastos non financeiros** (capítulos 1 ao 7 de gastos):

Liquidación 2018	IMPORTE EN EUROS.
Σ DR (Cap 1 ao 7 I)	74.454.206,77 €
Σ OR (Cap 1 ao 7 G)	66.625.432,77 €
DIFERENCIA	7.828.774,00 €

AXUSTES A REALIZAR

AXUSTE: IMPOSTOS, TAXAS E OUTROS INGRESOS

CAP	DDR NETOS 31 DIC	I CORRENTE A 31 DIC	I PECHADOS A 31 DIC	ING TOTAIS 31 DIC	AJUSTES SEC
1	27.699.912,85 €	24.478.424,43 €	2.684.501,44 €	27.162.925,87 €	-536.986,98 €
2	3.086.384,11 €	3.074.860,73 €	106.194,61 €	3.181.055,34 €	94.671,23 €
3	21.205.579,93 €	18.586.611,78 €	1.812.236,97 €	20.398.848,75 €	-806.731,18 €

DDR Caps 1,2,3 = 51.991.876,89.-€

INGRESOS TOTAIS Caps 1,2, 3= 50.742.829,96.-€

DDR > I_{cte} + I_{cdos} → Axuste (-) = - 1.249.046,93.- euros

AXUSTE: ENTREGAS A CONTA FONDO COMPLEMENTARIO FINANCIAMIENTO: Non é necesario este axuste, xa que os criterios presupostarios e de contabilidade coinciden toda vez que o Concello recoñece como ingreso o importe das entregas a conta e das liquidacións definitivas, de maneira simultánea.





AXUSTE: CONSOLIDACIÓN DE TRANSFERENCIAS ENTRE AAPP.

Polo que respecta ás transferencias previstas no estado de gastos do Orzamento para o financiamento do seu OA, non será necesario practicar axuste algún toda vez que coinciden tanto para o Concello como para o OA o concepto, o importe e o período de contabilización das transferencias pagadas polo Concello ao OA Pazo de Congressos e Exposicións.

En canto ao resto das AAPP non hai que destacar a existencia de ningún axuste por este concepto.

AXUSTE: ACREDORES POR DEVOLUCION DE INGRESOS

De acordo coa vixente Instrución de Contabilidade, as operacións de devolución de ingresos aprobadas no se reflectiran no Presuposto en tanto en canto non se fagan efectivas, razón pola que procede axustar os dereitos recoñecidos polo importe dos acredores por devolución de ingresos.

So 1 xaneiro 2018	Saldo final a 31 dic 18	AXUSTE
148.876,23 €	146.461,80 €	2.414,43 €

En consecuencia procede realizar **un axuste positivo de 2.414,43.-€**

.AXUSTE: GASTOS REALIZADOS NO EXERCICIO E PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO DE GASTOS.

O importe do saldo acredor da conta 413 "Acredores pendentes de aplicar ao orzamento" a 31 de decembro de 2018 é de 2.036.079,22.-€. Tendo en conta que o saldo final é maior que o inicial (So:1.700.848,34.-€) procede a realización dun **axuste negativo de 335.230,88.-€** xa que se trata dun maior gasto non financeiro en termos de contabilidade nacional.

AJUSTE SEC 10 (413)	CONCELLO
Conta (413) So 2018	1.700.848,34 €
Conta (413) Sf EST LIQU 31DIC18	2.036.079,22 €
	335.230,88 €





CALCULO CAPACIDADE/NECESIDADE FINANCIAMENTO

Unha vez vistos os axustes, o **cálculo da capacidade/necesidade de financiamento** obtido dos datos da liquidación do orzamento do Concello de 2018 sería o seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE
Σ DR (Cap 1 ao 7 I)	74.454.206,77 €
Σ OR (Cap 1 ao 7 G)	66.625.432,77 €
CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO ANTES DE AXUSTES	7.828.774,00 €
Axuste por recadación caps 1, 2 e 3 de Ingresos	-1.249.046,93 €
Axuste por devolución ingresos	2.414,43 €
Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	-335.230,88 €
CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	6.246.910,62 €

A estabilidade orzamentaria debe ser medida en termos consolidados; desta maneira e unha vez efectuadas as estimacións das liquidacións do OA do Concello en termos similares á estimación efectuada, e de confirmarse os datos adiantados pola empresa municipal Turismo de Pontevedra SA, estaríamos en situación de afirmar que **nos atopamos en situación de estabilidade orzamentaria**.

Tal e como se indicou en apartados anteriores, o artigo 32 da LOEPSF establece que o **superávit obtido** na liquidación orzamentaria - en termos consolidados- se destinará a **reducir o endebedamento neto**.

A DA 6º da LOEPSF que foi introducida pola LO 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial, non foi obxecto de prórroga á día de hoxe para a liquidación 2018.

V.- CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO

O artigo 12 da LOEPSF esixe tamén ás entidades locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao MINHAP a súa determinación. Esa taxa de crecemento do PIB aprobada para o Orzamento de 2018 e do 2,4%. Polo que as Corporacións locais cumpren coa regra de gasto sempre que non se supere esta taxa de referencia entre dous exercicios económicos.





Dos datos da liquidación orzamentaria para o exercicio de 2018 e tendo en conta a Guía para a determinación da regra de gasto realizada pola IGAE o cálculo do gasto computable que se toma como base para o cálculo da regra de gasto é o seguinte:

REGLA DE GASTO: LIQUIDACION 2018	CONCELLO
CAPS 1 A 7 GASTOS	66.625.432,77 €
Intereses CAP 3 2018	-65.892,75 €
AJUSTES SEC 10 *(2018)	335.230,88 €
TOT. EMPREGOS NON FINANCEIROS EN TERMOS SEC	66.894.770,90 €
AJUSTES Transf. Internas (<i>expresar en negativo</i>)	-1.925.930,00 €
GFA: 4-7I (UE e AAPP) 2018(<i>excl PIE e FCL</i>) (<i>exp en negativo</i>)	-3.784.416,85 €
DA 6ª: IFS (<i>expresar en negativo</i>)	-3.028.088,22 €
TOT. GASTO COMPUT LIQUIDACION 2018 (GC LIQUID 2018)	58.156.335,83 €
LIMITE GASTO COMPUTABLE 2018 (LGC 2018)	60.303.230,60 €
MARXE REGRA GASTO	2.146.894,77 €

Polo que o Concello **si ben cumpre no exercicio de 2018 co obxectivo da regra de gasto**, o marxe de 2,1 millóns respecto do límite que podería acadar en 2018 ven supoñer un 3,48 %; é dicir o gasto computable liquidado no 2018 acadou 96,43% do límite máximo permitido para dar cumprimento a regra de gasto

Este dato de 58.156.335,83.-euros, é do que haberá que partir para a aplicación do cálculo establecido na normativa para a determinación do gasto máximo computable para o exercicio de 2019, que deberá facerse en termos consolidados.

VI.- CUMPRIMENTO DO LIMITE DE DEBEDA

O volume de débeda a 31 de decembro de 2018 considerando que está totalmente disposto o importe formalizado dos préstamos, en termos de porcentaxe sobre os ingresos correntes, e calculado de conformidade ao exposto no artigo 53 do TRLRFL, é do 18,01%:

CALCULO LIMITE DEBEDA 2018	DATOS
TOTAL INGRESOS CORRENTES A CONSIDERAR (en termos consolidados, con estimación 4T/18 para Pazo y SA)	67.204.890,39 €
VOLUMEN DEBEDA VIVA A 31 DECEMBRO DE 2018	12.103.305,47 €
Porcentaxe de débeda viva sobre ingresos correntes	18,01%





Polo que se informa que o nivel de débeda é inferior ao límite do 110% dos ingresos correntes establecido no artigo 53 do TRLRFL, así como por debaixo do límite do 75% que está establecido para a perceptiva autorización ao órgano de tutela financeira para concertar novas operacións de préstamo durante 2019.

VII.- INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES 2017 (execución 2018)

Por último indicar que a DA 16ª do TRLRFL que ven regular os **Investimentos Financeiramente Sustentables (IFS)**, establece que anualmente **xunto coa liquidación** do orzamento **darase conta ao Pleno do grado de cumprimento** dos criterios previstos na citada DA e se fará público no seu apartado web. Esa documentación, ten que ser elaborada coa antelación suficiente para a súa dación de conta ao Pleno en prazo.

A data límite para a execución das IFS que foron aprobadas no exercicio 2017 para dar destino a parte do superávit obtido na liquidación de 2016, (IFS 17), foi a do 31 de decembro de 2018; sendo a situación da execución orzamentaria e contable dos proxectos de gasto correspondentes a seguinte:

Nº PROYECTO DE GASTO	PROXECTO DE GASTO	IMPORTE PYG APROBADO	IMPORTE ADXUD.	IMPORTE OR	SALDO AD 31 DIC	
170161900221	MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN DAS PONTES URBANAS	449.960,41 €	351.554,07	,00	351.554,07	D/72620 RESOL.CONTRATO
170161904222	MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PUBLICO NO RURAL	197.669,47 €	195.415,00	195.415,00	,00	
170161972223	ACONDICIONAMENTO INTEGRAL NA RÚA CRUZ VERMELLA	1.405.716,13 €	1.186.283,84	1.179.835,09	6.448,75	CNI 2018. AD en 2019
170161972224	ACONDICIONAMENTO DO CAMIÑO PORTUGUES NA ZONA VIRXE DO CAMIÑO CON EDUARDO PONDAL	1.411.428,22 €	1.146.785,43	1.087.856,07	58.929,36	CNI 2018. AD en 2019
	<i>Actuacións de consolidación e estabilización da plataforma do camiño en Os Martices. Os Fontáns. Sta Mª de Xeve</i>	0,00 €			,00	
170161971244	<i>Melloras na rede de drenaxes e pavimento no camiño de acceso de Colchón a Cabaleiro e no acceso de Barragáns a Casaldomendo. Campaño</i>	153.873,24 €	153.700,00	143.720,96	9.979,04	Aforro
170161971227	<i>Actuacións de mellora da seguridade vial no camiño da escola frieiro. Sta Mª de Xeve</i>	60.186,84 €	60.186,84	60.186,84	,00	
170161971245	<i>Rehab superficial e mellora da rede de drenaxes nos camiños de acceso de A Devesa e As Bouzas; Guixilde interior; Pontecabras a N-550; Lampreeira interior. Alba.</i>	161.211,65 €	160.750,00	8.727,86	152.022,14	IR 2019 c/ N 2018
170161972246	<i>mellora de accesibilidade e seguridade vial no camiño de acceso de Pontecabras a Touceda. Alba</i>	164.718,17 €	162.988,63	,00	162.988,63	CNI 2018. AD en 2019
170161971243	<i>Rehabilitación superficial do camiño de acceso a Fontaiña. Lérez</i>	239.909,57 €	236.310,92	233.329,84	2.981,08	Aforro
	<i>Actuacións de mellora da seguridade peonil en Canicouva e Pontesampaio</i>				,00	
170161971228	<i>Mellora da rede de drenxes superficiais e subterráneos no camiño de acceso a de O Cruceiro a Casalnovó. Lérez</i>	60.304,58 €	60.304,58	60.304,58	,00	
170161971225	<i>Rehab superficial e drede de drenaxes no camiño de acceso de sobral a Filgueira; e mellora de pavimento en camiño no núcleo de Fragoso. Santo André de Xeve.</i>	58.711,98 €	58.711,98	58.711,98	,00	
	TOTAL IFS 2017	4.363.690,26 €	3.772.991,29	3.028.088,22	744.903,07	





En resumo, a situación da execución das IFS 2017 foi de :

TOTAL IFS 2017	4.363.690,26 €
IMPORTE OR A 31DIC18	3.028.088,22 €
RESOLUCION CONTR ILUMINACION PONTES URBANAS	351.554,07 €
BAJAS ADXUDICACION	590.698,97 €
AFORROS NA EXECUCION	12.960,12 €
PENDENTE EXECUCION (AD) non pode ser considerado IFS	380.388,88 €
TOTAL	0,00 €

IMPORTE A DESTINAR A REDUCION DEBEDA POR NON EXECUCION IFS 2017	1.335.602,04 €
--	-----------------------

Porén, o importe inicial deses proxectos de gastos que non acadaron a obriga recoñecida no 2018, e que ascende a 1.335.602,04.-€, ao ser parte do superávit obtido na liquidación de 2016, deberá ser destinado a reducir o endebedamento neto en virtude do artigo 32 da LOEPSF .

VIII.- TRAMITACIÓN

Corresponde a aprobación de liquidación do Orzamento do exercicio 2018 ao Sr. Alcalde, previa fiscalización da Intervención Xeral, debendo darse conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, así como dar conta dos Investimentos Financeiramente Sustentables aos que se aplicou parte do superávit obtido na liquidación do exercicio 2016.

